

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE BEARIZ PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE BEARIZ

En Santiago de Compostela,

REÚNENSE

Dunha parte, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante, a Consellería) e no seu nome e representación, D. José Carlos López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; así como o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Doutra, o Concello de Beariz (en adelante, o Concello) e no seu nome e representación, D. Manuel Prado López, en virtude do seu cargo de Alcalde - Presidente do concello, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades, recoñécense mutua capacidade para a subscrición deste convenio e, no nome das entidades que representan,

MANIFESTAN

Primeiro. A consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, as atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, atribúelle á consellería, en tanto órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, a competencia para tramitar e resolver os procedementos de integración de bibliotecas públicas ou servizos bibliotecarios na Rede de Bibliotecas de Galicia.



Segundo. O concello, no exercicio das competencias que lle son propias, solicitou a integración na Rede de bibliotecas de Galicia da Biblioteca Pública Municipal de Beariz (en diante, a biblioteca). Este centro ten a consideración de biblioteca pública, de conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 5/2012, do 15 de xuño.

Logo de aprobada a dita integración mediante Orde da consellería competente, fíxose efectiva mediante a sinatura dun convenio de colaboración de data 14.05.2018. O período de vixencia do convenio estableceuse en catro anos, con posibilidade de prórroga por un período de ata catro anos adicionais, por acordo das partes. Esta prórroga formalizouse mediante addenda asinada o día 29.03.2022.

Terceiro. A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas de Galicia como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias.

Ambas as dúas institucións teñen o convencemento mutuo de que a integración da Biblioteca Pública Municipal de Beariz na Rede de Bibliotecas de Galicia facilita o acceso á cultura da cidadanía galega.

Mediante esta integración asegúrase o acceso aos recursos compartidos da Rede de bibliotecas en formato físico a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria e, en formato dixital, a través da plataforma de préstamo electrónico *GaliciaLe*, de acceso aberto e gratuíto para as persoas usuarias das bibliotecas de Galicia, así como outros servizos que se poidan poñer en marcha.

Rematado o período de vixencia do convenio e da súa prórroga, as partes reafirman a súa vontade de seguir mantendo a integración da biblioteca na Rede de Bibliotecas públicas de Galicia, polo que resulta oportuna a formalización dun novo convenio de colaboración.

En virtude de todo o exposto, as dúas partes acordan asinar este convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é a colaboración entre as partes para renovar o compromiso de integración da Biblioteca Pública Municipal de Beariz na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, coa finalidade de mellorar o acceso da cidadanía ao libro e a lectura tanto en formato físico como dixital.

SEGUNDA. OBRIGAS DO CONCELLO

1. O Concello comprométese a cumprir as obrigas derivadas da súa inclusión na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia a tenor do disposto na Lei 5/2012, do 15 de xuño e demais



normativa de aplicación en materia de bibliotecas, e en particular:

- a) Dotar a biblioteca do orzamento suficiente para o seu funcionamento.
- b) Dotar o centro bibliotecario, de forma estable e permanente, do persoal con competencias profesionais suficientes e adecuadas para prestar un servizo bibliotecario de calidade, baixo a dependencia do organismo titular do servizo.
- c) Colaborar coa Consellería na formación e perfeccionamento do persoal do servizo bibliotecario, facilitando a súa participación nas actividades formativas que se organicen, especialmente aquelas promovidas pola Consellería, a Escola Galega de Administración Pública e outras institucións con competencias na formación continua do persoal das Administracións públicas.
- d) Dispoñer dun catálogo informatizado de acceso público, mantelo debidamente actualizado e facilitar a súa visualización a través da súa integración no Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria da Rede.
- e) En relación coa participación no Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria proporcionado pola Xunta de Galicia:
 - Manter un único rexistro de usuario por lector para toda a Rede de Bibliotecas de Galicia, xestionando e emitindo os carnés de usuario atendendo ao formato e nas condicións establecidas pola Consellería e mantendo permanentemente actualizada a información relativa a aqueles.
 - Cumprir as normas técnicas de funcionamento da Rede de bibliotecas de Galicia para a xestión de usuarios, catalogación e rexistro de exemplares, políticas de préstamo e outras que se establezan, co fin de acadar un funcionamento da rede homoxéneo e coordinado e ofrecer un mellor servizo á cidadanía.
 - Contar co equipamento informático e medios técnicos auxiliares para o mantemento do sistema e a xestión de carnés.
 - Comunicar as incidencias a través das canles que estableza a Consellería, e colaborar para a súa resolución.
- f) Manter as seguintes condicións mínimas, como garantía dun servizo bibliotecario de calidade:
 - Establecer un horario de apertura mínimo de tres días á semana e 15 horas semanais.
 - Prestar os servizos de atención, información e orientación para o uso da biblioteca e dos seus servizos; información bibliográfica e de referencia; lectura e consulta en sala; préstamo individual e colectivo; acceso á información dixital a través de Internet ou as redes análogas que se poidan desenvolver, así como orientación para o seu manexo.



- Contar cunha superficie e espazos equipados e adecuados aos servizos que se prestan e á poboación á que dá servizo á biblioteca, con condicións de acceso adaptado para persoas con mobilidade reducida.
- Manter un fondo bibliográfico suficiente, diverso e actualizado, atendendo as necesidades lectoras da súa poboación e, en especial, das persoas con discapacidade ou con maiores dificultades lectoras.
- Manter a disposición das persoas usuarias unhas normas de funcionamento que regulen como mínimo os seus dereitos e obrigas e os mecanismos de suxestión, queixa e participación.

Para os efectos do cumprimento das anteriores condicións, no caso de que os servizos bibliotecarios obxecto deste convenio constitúan unha rede municipal, considerarase a rede no seu conxunto.

- g) Facilitarlles ás persoas usuarias da biblioteca o acceso aos servizos comúns da Rede, especialmente o acceso á plataforma de préstamo electrónico e outros que poidan establecerse.
- h) Remitirlle á Consellería, a través dos medios e nos prazos que se establezan, a información estatística anual, así como calquera información que se solicite relativa ao servizo bibliotecario.
- i) Fomentar a participación do centro bibliotecario na Rede e nos programas que nesta se establezan, facilitando a interconectividade técnica e semántica, o uso de software, os estándares necesarios para o intercambio e acceso á información e a adopción das normas e manuais de procedemento que se establezan para as bibliotecas da Rede.
- j) Participar nos programas de préstamo interbibliotecario, facilitando orixinais ou copias dos documentos solicitados, correndo por conta do centro demandante o gasto que daquel puidera derivar.
- k) Colaborar coa Consellería na recuperación, conservación e dispoñibilidade pública do patrimonio bibliográfico galego e da documentación de interese para Galicia, debendo facilitar que se leven a cabo os programas de conservación, dixitalización ou rexistro e gravación noutros soportes dos materiais de interese para Galicia, promovidos polo dito órgano, facilitando a súa copia e colaborando na súa recollida e conservación.
- l) Comunicarlle á Consellería o peche temporal ou definitivo da biblioteca así como, de ser o caso, a reapertura e as condicións desta, e calquera outra circunstancia que supoña unha modificación da información obrante no Directorio de Bibliotecas de Galicia. Esta comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de dez días antes de que se produza o cambio de estado ou circunstancias da biblioteca, agás que, por causas excepcionais non se poida prever con esta antelación; nese suposto



deberá realizarse a comunicación do prazo máximo de tres días desde que se producira.

2. O Concello reconece os estándares fixados polo Mapa de Bibliotecas de Galicia e, en consecuencia, asume que as futuras actuacións que se leven a cabo na biblioteca, e teñan incidencia na súa dotación ou funcionamento, deben ter como obxectivo achegarse a aqueles estándares nos que a biblioteca non acade un grao de adecuación suficiente.

TERCEIRA. OBRIGAS DA CONSELLERÍA

A Consellería comprométese a:

- a) Manter integrada a biblioteca na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- b) Incorporar a biblioteca no Catálogo único da Rede de Bibliotecas de Galicia, dotándoa do software necesario para a súa informatización a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria. Promover o mantemento e actualización do dito software para a súa adecuación ás necesidades da Rede de Bibliotecas públicas de Galicia.
- c) Coordinar e asesorar á biblioteca nos procesos técnicos de xestión do Catálogo único da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.
- d) Adoptar e adaptar para a Rede as normas bibliográficas internacionais e outros estándares de xestión e intercambio da información, e elaborar os procedementos técnicos de xestión do Catálogo único da Rede de bibliotecas de Galicia.
- e) Proporcionarlles ás persoas usuarias da biblioteca o acceso ao carné único da Rede de bibliotecas Públicas de Galicia e á Plataforma de préstamo electrónico.
- f) Prestar o apoio técnico necesario para acadar servizos bibliotecarios de calidade, en especial asesorando ao Concello, se así o solicita, nos procesos de selección de persoal.
- g) Promover a realización de accións formativas destinadas ao persoal dos servizos bibliotecarios públicos.
- h) Organizar o sistema de préstamo interbibliotecario e o acceso do centro bibliotecario aos fondos de calquera outro centro da rede, en orixinal ou copia.
- i) Integrar o centro bibliotecario en programas de recuperación, conservación, dixitalización ou rexistro en calquera outro sistema de memoria, de materiais de interese local ou galego, ademais de facilitar o acceso aos resultados destes programas.

CUARTA. OBRIGAS FINANCEIRAS

A execución deste convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais



nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación establecidos anualmente nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

QUINTA. RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa, polo que a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Seránlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- Artigo 24 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigo 21 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.
- Artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.



- Orde do 8 de marzo de 2018 pola que se resolve a integración da Biblioteca Pública Municipal de Beariz na Rede de bibliotecas de Galicia. (DOG num. 66, do 5 de abril).

SEXTA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola persoa titular da Dirección Xeral de Cultura da Consellería e pola persoa titular da Alcaldía do Concello de Beariz, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan porporse con respecto ao convenio.

SÉTIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución deste convenio, de conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro:

- O mutuo acordo expreso das partes asinantes, manifestado en calquera momento.
- A vontade de calquera das dúas partes, comunicada por escrito á outra parte con tres meses de antelación.
- O incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas deste convenio, que facultará á outra parte a rescindilo.
- O peche definitivo dos servizos bibliotecarios que constitúen o seu obxecto.

OITAVA. FIN DA PERTENZA Á REDE

A finalización do período de vixencia do convenio sen que as partes manifesten a súa vontade de renovo, así como a súa resolución, sexa cal sexa a súa causa, implicará o fin da pertenza da biblioteca á Rede de Bibliotecas de Galicia. En consecuencia, nin a propia biblioteca nin as persoas usuarias dela poderán seguir accedendo aos servizos que a Rede proporciona en exclusiva para os seus membros, especialmente os derivados da inclusión no Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria e o acceso á plataforma de préstamo dixital GaliciaLe.

Para o suposto de que a biblioteca deixe de pertencer á rede, as partes asumen os seguintes compromisos:

- a) A Consellería entregarlle ao Concello os ficheiros cos datos do catálogo da biblioteca e dos seus usuarios necesarios para a continuación da súa actividade fóra da Rede de Bibliotecas de Galicia; previa comunicación aos titulares dos datos e apertura dun prazo para que, no seu caso, manifesten o seu desacordo; segundo o establecido na normativa de protección dos datos persoais.
- b) O Concello deberá levar a cabo as actuacións necesarias para informar as persoas usuarias acerca da nova situación da biblioteca e da finalización dos dereitos



asociados á pertenza á rede.

NOVENA. TRANSPARENCIA

A partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMA. ROLES E RESPONSABILIDADES NA PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

O Concello, directamente ou a través do órgano que corresponda, terá a consideración de responsable do tratamento dos datos persoais das persoas usuarias da biblioteca.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, a través da súa Secretaría Xeral Técnica, será responsable do tratamento dos datos persoais que se deriven da xestión dos servizos da Rede de bibliotecas de Galicia. Así mesmo, será responsable, xunto co Ministerio de Cultura, dos datos persoais que se deriven da xestión do servizo de préstamo dixital eBiblio, integrado na plataforma GaliciaLe.

A base lexitimadora do tratamento por parte dos referidos responsables será o cumprimento dunha misión realizada en interese público, fundamentada no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia e na Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.

Con base no anterior, o Concello e a Consellería obríganse:

- A garantir o cumprimento do deber de información ás persoas usuarias da biblioteca conforme ao previsto nos artigos 13 e 14 do Regulamento xeral de protección de datos (en diante, RXPD).

En particular, o Concello informará ás persoas afectadas da comunicación dos seus datos persoais á a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e ao Ministerio de Cultura coas finalidades anteriormente referidas.

- A dar cumprimento aos restantes principios relativos ao tratamento dos datos persoais establecidos no RXPD, en particular ao principio de integridade e confidencialidade, aplicando para iso as medidas de seguridade previstas no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade conforme ao esixido pola Disposición adicional primeira da LOPDGDD. Así mesmo, no caso de que a información que poida extraerse da



Rede de Bibliotecas de Galicia a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria polas persoas con acceso autorizado para o desempeño do seu labor, fose tratada en soporte non automatizado, ambas entidades coidarán de que se adopten as medidas necesarias para o seu correcto almacenamento e custodia, tanto nos momentos nos que se estea utilizando e durante o seu arquivo, no caso de posibles traslados e no momento de desbotala ou destruíla.

- A velar porque as persoas autorizadas para acceder ao Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria respecten a confidencialidade, cumbran as medidas de seguridade aplicables e utilicen os datos persoais unicamente para as finalidades taxadas pola normativa aplicable e as previstas no presente convenio, implementando para iso as medidas e controis que resulten necesarios.
- A colaborar e a asistirse mutuamente na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal ás persoas interesadas, mediante as medidas técnicas e organizativas oportunas, para que ambos, como responsables, poidan cumprir coa súa obriga de atender as citadas solicitudes no prazo previsto pola normativa vixente. Neste sentido, o concello deberá atender directamente as solicitudes de exercicio de dereitos que formulen as persoas usuarias da biblioteca, agás as referidas á supresión dos datos, para as que debe consultar á Consellería.
- A comunicarse mutuamente, de forma inmediata e aplicando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais das que teñan coñecemento que puidesen afectar á información contida na Rede de Bibliotecas de Galicia, xunto con toda a información pertinente para a documentación e comunicación da incidencia, se fose o caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao disposto no artigo 33 do RXPD.
- A respectar as condicións establecidas no RXPD para recorrer a un encargado do tratamento dos datos persoais.

UNDÉCIMA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA

Este convenio terá unha vixencia de catro anos a partir do día seguinte ao da súa sinatura. Antes do remate deste prazo, as partes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese no lugar arriba indicado.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E
XUVENTUDE

José Carlos López Campos

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE
BEARIZ

Manuel Prado López

